

MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



VISITAS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS

As visitas son un percorrido didáctico polas salas do museo, adaptado aos diferentes niveis educativos. As visitas poden ser comentadas, dinamizadas ou visitas-taller.

As visitas serán guiadas por un educador ou educadora do propio museo, que favorecerá o achegamento do alumnado ás distintas formas artísticas da colección dun modo dinámico e lúdico, fomentando a participación e a estimulación da creatividade. O profesor acompañante do grupo deberá estar presente en todo momento durante a realización da actividade.

O profesorado pode solicitar o envío de información específica sobre as actividades que os centros escolares realizarán. Tamén existe a posibilidade de que o profesorado desenvolva e guía a actividade, previa confirmación do Museo.

Sempre que se informe con certo marxe de tempo, o Museo poderá flexibilizar na medida do posible as súas propostas didácticas para tratar temas que se estean a desenvolver na aula no momento da visita.

A visita é gratuíta. O museo ten reservado un espazo para a parada do transporte escolar. Hai unha plaza exterior descuberta para merendar.

CALENDARIO E HORARIOS

Desde o 17 de outubro do 2017 ata o 21 de xuño do 2018.

De martes a venres ás 10:00 e ás 11:30 h.

*Os centros educativos que teñan dificultades para asistir ao museo neste horario (por motivos de procedencia xeográfica ou de organización do propio centro), poden poñerse en contacto con nós.

DURACIÓN DAS PROPOSTAS EDUCATIVAS

Dependendo do tipo de actividade que se leve a cabo, durará entre 1 hora e 1 hora e 30 minutos.

DESTINATARIOS

Escolares desde Educación Infantil (2 anos) a Bacharelato.

Grupos de 50 persoas como máximo.

SOLICITUDE DE RESERVA DE VISITA

Teléfono – 881 881 700 (de luns a venres en horario de 09:30 a 14:00 h).

E-mail – mu.belas-artes.difusion@xunta.es

Web do Museo – <http://museobelasartescoruna.xunta.es/index.php?id=188>

Na nosa páxina web podes atopar unha serie de materiais educativos – <http://museobelasartescoruna.xunta.es/index.php?id=402>

VISITA XERAL Á COLECCIÓN DO MUSEO

Tipo de Visita Visita comentada / Visita-taller

Nivel 1º, 2º, 3º e 4º ESO

Duración 1 h 15 min

Obxectivos

- Presentar o museo como lugar de conservación e difusión da arte e da cultura
- Coñecer os diferentes xéneros e estilos artísticos que están presentes na colección
- Descubrir certos conceptos artísticos como: perspectiva, luz, cor, volume, iconografía, etc
- Fomentar as opinións persoais e o gusto estético a través da observación e o diálogo
- Pensar na visita ao museo como unha opción para o tempo de lecer

Desenvolvemento da actividade

Un percorrido adaptado a cada nivel da ESO no que, a través dunha escolma de obras, daremos a coñecer o máis destacado do Museo de Belas Artes. Dun xeito ameno e atractivo, fomentando a participación e o diálogo entre os alumnos, descubriremos os cadros e esculturas máis interesantes da colección.

De xeito comprensivo, coñeceremos os distintos xéneros artísticos, estilos e épocas da historia da arte; desde o medievo ata os nosos días. Coñeceremos a importancia do xénero mitolóxico descubriendo as obras de Rubens e a súa escola, tentaremos descifrar as mensaxes ocultas que agochan cadros como *Os xogadores de cartas* e subliñaremos o interese que naqueles tempos tiña a arte relixiosa, comentando os cadros de gran formato que antes decoraban as igrexas.

O alumnado terá a posibilidade de coñecer a evolución do retrato ao longo do tempo, así como comprobar a evolución das modas e os canones de beleza. Veremos unha galería de reis, nobres e burgueses retratados coas súas mellores galas, e coñeceremos algunhas historias e anécdotas sobre eles.

Seguindo a evolución da arte, veremos o xurdimento do rexionalismo, que terá excelentes exemplos na pintura de paisaxe e no costumismo. Posteriormente analizaremos como aparecen as vangardas artísticas e veremos a súa vinculación con figuras importantes da plástica galega como Luis Seoane, Urbano Lugrís ou Carlos Maside, entre outros.

Como chegaron todas estas obras ao museo de Belas Artes?, como evolucionan as técnicas artísticas ao longo do tempo?, que relacións existiron entre as artes plásticas e outras manifestacións expresivas?, cando e por que aparecen os diferentes xéneros artísticos?, como influíu a chegada da fotografía e outras tecnoloxías o mundo da arte?, canto custa unha obra de arte?, quen tiña obras de arte fai catro séculos? Son estas algunhas das cuestións que irán aparecendo durante o noso percorrido e ás que daremos resposta entre todos.



Esta visita pode vir complementada cun obradoiro no que o alumnado, dividido en grupos, elaborará a súa propia exposición establecendo un fío condutor lóxico que vincule as obras de arte elixidas.

OS GRAVADOS DE GOYA

Tipo de Visita Visita comentada / Visita-taller

Nivel ESO (Recomendado para 4º curso) e BAC

Duración 45 min – 1h 30min

Obxectivos

- Achegarnos ao universo creativo e ao significado da obra dun dos artistas máis importantes da plástica española e europea como é Francisco de Goya
- Introducir ao alumno no concepto de arte como documento histórico e como reflexo dunha determinada época, neste caso da etapa crucial que supuxo o paso do Antigo Réxime ao sistema liberal
- Coñecer o procedemento creativo e as posibilidades expresivas e estéticas da técnica do gravado
- Comprobar como a arte é unha ferramenta moi importante para expresar ideas propias e como plataforma de denuncia das inxustizas
- Fomentar o respecto e a valoración cara ás manifestacións artísticas

Desenvolvemento da actividade

Achegarémonos á figura de Francisco de Goya a través das series de gravados que conserva o Museo de Belas Artes: *Reproduccións dos cadros de Velázquez, os Caprichos, os Desastres da guerra, os Disparates e a Tauromaquia*.


Comezaremos o percorrido comentando os gravados que fixo Goya copiando os cadros de Velázquez. Foi a partires dese encargo real, que Goya aprende a técnica e comeza a usar o gravado como un vehículo fundamental da súa expresión artística.

Explicaremos quen era Goya, como foi a súa traxectoria e que transcendencia terá para todos os artistas que virán despois. Tamén falaremos de como é a técnica do gravado e a importancia que tivo como plataforma para difundir imaxes.

Os caprichos representan unha visión crítica en clave irónica da sociedade do Antigo Réxime. Goya fai, a través destas estampas, una denuncia dos costumes sociais da época, na que se reflicte a súa defensa da ilustración e a súa ideoloxía liberal. Así, veremos como denuncia a ignorancia (si sabrá más el discípulo), as supesticións (lo que puede un sastre), os privilexios e os malos costumes do clero (Están calientes), a crueldade da inquisición (Aquellos polvos...), os abusos dos poderosos (Se repulen), a

miseria material e moral (A caza de dientes), a falta de liberdade das persoas (no hay quien los separe) ou os matrimonios de conveniencia (el si pronuncian...).

Unha serie de gran importancia dentro da obra de Goya son os *Desastres da guerra*, nela fai una denuncia dos horrores que son consecuencia dos conflitos bélicos, a través da súa visión sobre as guerras napoleónicas na Península Ibérica. Goya non toma partido, nestas imaxes non hai honra militar, nin bos nin malos, só imaxes de extrema crueldade e violencia. Nesta altura, Goya actúa case como un repoteiro de guerra, gravando imaxes reais que sorprenden ao espectador e que o farán reflexionar.



Goya vai dar continuidade a súa labor de gravador a través dunha serie de estampas coñecidas como os *Caprichos enfáticos*, a través dos cales denunciará o regreso do absolutismo e o castigo sufrido polos liberais unha vez rematada a guerra. Seres que adoptan formas animais para acentuar a súa falta de humanidade, sacerdotes na corda frouxa ou alegorías que representan á liberdade morta, son algunhas das singulares imaxes desta etapa creativa.

No percorrido tamén comentaremos outras series de gravados presentes na colección do museo. *Os Disparates* son obra do Goya máis enigmáticos. Un Goya que nos traslada a un mundo escuro habitado por seres aberrantes e infernais.

Por último, a través da serie *Tauromaquia* comprobaremos a excelente capacidade de debuxo, de análise das formas e as composicións que converteron a Goya no mellor artista da súa época.

*** Existe a posibilidade de solicitar a realización dun obradoiro de gravado. Esta actividade está suxeita á disponibilidad por parte do museo. Neste caso, a duración do percorrido (visita + taller) será de 1 hora e 30 minutos aproximadamente.**

AS MULLERES NO MUSEO

Tipo de Visita Visita comentada / Visita-taller

Nivel 1º, 2º, 3º e 4º ESO

Duración 1 h 20 min

Obxectivos

- Achegarse a una visión da historia da arte na que as mulleres son protagonistas, a través das súas representacións e dos significados das obras
- Coñecer as dificultades que as mulleres tiveron ao longo da historia para ser recoñecidas profesionalmente como artistas
- Descubrir exemplos de mulleres artistas da antigüidade e da contemporaneidade
- Relacionar a arte con outros eidos culturais como a literatura
- Reflexionar sobre moitas das mensaxes, non sempre explícitas, que as imaxes nos envían
- Promover valores como a igualdade e a non discriminación por razóns sociais, raciais ou de xénero
- Fomentar o debate e a reflexión en temas sociais que nos afectan a todos e todas

Desenvolvemento da actividade

Que papel xogan e xogaron as mulleres no mundo da arte? Esta será a cuestión fundamental que nos servirá como fío conductor e punto de arranque da visita. Centrarémonos en dous aspectos distintos: o papel da muller como obxecto artístico e o papel da muller como creadora.

Comezaremos o noso percorrido observando distintas obras onde veremos a representación da muller e reflexionaremos sobre a evolución que a súa imaxe tivo desde a antigüidade ata a actualidade. Pasaremos polas representacións relixiosas de María Magdalena (símbolo do pecado) e a Virxe María (símbolo da virtude), veremos retratos de mulleres insignes da nobreza e a monarquía durante a idade moderna, percibiremos a ampliación do universo feminino durante o século XIX, reflexionaremos sobre a evolución da moda e o que isto trouxo consigo (a aparición das *femme fatales*, do look ao *garçon*, a chegada do pantalón ao armario feminino, etc), descubriremos a identificación da muller galega coa terra por parte dos pintores renovadores, e falaremos dos cambios, relativos, que supuxeron as vangardas artísticas na visión e a representación da muller.

Traballaremos tamén co papel da muller como artista na historia da arte e a súa evolución. Cantas mulleres artistas coñeces? Cres que na actualidade a muller ten, no eido creativo, as mesmas oportunidades que o home? Podemos falar de estética masculina e feminina na arte? Que papel xoga o mundo da publicidade no xeito de entender a representación da muller? Reflexionaremos e debatiremos sobre todas estas cuestións que irán aparecendo ao longo do noso percorrido.



Para rematar, os grupos terán a opción de levar a cabo un obradoiro no que realizaremos uns muráis adicados a algunhas das artistas máis senlleiras da arte galega e universal.

ENIGMA NO MUSEO

Tipo de Visita Visita dinamizada

Nivel 1º e 2º ESO

Duración 1 h 30 min

Obxectivos

- Visitar dunha forma lúdica o museo, a través dun xogo que fomenta o traballo en equipo
- Explorar as diferentes salas do museo e comprobar como as expresións artísticas varían dependendo da súa orixe xeográfica e temporal
- Provocar no alumnado unha actitude de respecto cara o patrimonio artístico da súa contorna
- Pensar na visita ao museo como unha opción para o tempo de lecer

Desenvolvemento da actividade

Enigma no museo é unha actividade perfecta para aqueles rapaces e rapazas que xa coñecen o museo de anteriores visitas. Non se trata dunha visita guiada ao uso, xa que o alumnado fará o percorrido pola súa conta en base a unhas fichas que se lles entregarán para cubrir a modo de xogo.



Ao chegar ao museo, coa axuda dos profesores acompañantes, formaremos distintos grupos e entregaremos uns cartafoles con fichas a cubrir. A través dunha serie de fichas, terán que atopar distintos cadros e esculturas repartidos polo museo e dar resposta aos enigmas formulados diante de cada peza. Os membros do grupo terán que deliberar conxuntamente e unha persoa encargada escribirá as respostas. Unha vez que todos os grupos terminen de resolver os enigmas, a aula se agrupará de novo

para facer unha posta en común e, simbólicamente, declararase gañador a un dos grupos participantes.

Retratos históricos, cadros relixiosos, obras costumistas, paisaxes, pezas escultóricas... os estudantes percorreren todas as salas do museo e descubrirán, de forma autónoma e colaborativa, cadros de distintas épocas e xéneros artísticos.

¿Onde cres que estaba este cadro antes de chegar ao museo?, que atributo identifica a este personaxe?, como crea profundidade o artista?, que materiais emprega o autor para facer a escultura?, a que se dedican os personaxes do cadro?, cal é o proceso que seguiu o artista para facer a obra? Estas serán algunhas das preguntas ás que os rapaces e rapazas terán que dar resposta.

***Ao tratarse dunha actividade na que o alumnado percorrerá de forma autónoma as salas, é preciso que os participantes sexan especialmente precavidos ao se achegar ás obras de arte.**

***Por motivos de seguridade, esta actividade se realizará con grupos de 30 alumnos como máximo.**